



## COMUNICACIÓN Á COMUNIDADE ESCOLAR DO CALENDARIO ELECTORAL

En cumprimento do establecido no *Decreto 92/1988 do 28 abril* (DOG do 29 de abril), da *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa*, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, e demais disposicións vixentes da Consellería de Educación, ábrese un novo proceso electoral para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, órgano colexiado de participación e goberno do Centro, con representación dos distintos sectores que constitúen a Comunidade Educativa (pais/nais, profesorado, persoal de administración e servizos, Concello e ANPA).

A organización e supervisión deste proceso electoral está a cargo da Xunta Electoral, presidida polo Director e integrada por unha nai, unha mestra, e unha representante do persoal de administración e servizos, elixidos por sorteo público realizado o día 9 de outubro de 2024.

Nestas eleccións corresponde renovar dous representantes do profesorado, e tres representantes dos pais/nais. Na elección correspondente ao sector de pais/nais poderanse marcar ata un máximo de dous candidatos ou candidatas dos que figuren na papeleta de votación. Terán dereito a voto tanto o pai como a nai do alumno/a, ou de ser o caso, o seu titor legal.

O Calendario Electoral, do que se achega un resume, está exposto no taboleiro de anuncios do Centro.

A Escola ofrecerá toda a información que demanden e porá á disposición das candidaturas os locais que precisen para a celebración dos seus actos electorais, previa comunicación por escrito á Xunta Electoral, a efectos de coordinación.

### RESUME DO CALENDARIO ELECTORAL

- Exposición pública dos censos: ata o día 2 de novembro.
- Reclamacións ata o mércores 30 de outubro ás 14:00 horas, na secretaría da escola.
- Prazo de presentación de candidaturas: dende o martes 29 de outubro ata o luns 04 de novembro ás 14:00 horas, na secretaría da escola. Recoller o modelo para a presentación da candidatura na secretaría do centro.



- Sorteio público da mesa electoral do sector de pais/nais: martes 5 de novembro ás 09:15 horas.
- Proclamación de candidatos/as: martes 5 de novembro. O prazo de reclamacións na proclamación de ditos candidatos/as serán os días 06 e 07 de novembro, comunicando as candidaturas definitivas ao día seguinte (venres 8 de novembro).
- **Día das votacións:** o martes 19 de novembro nos seguintes horarios:
  - De 8:45h a 9:30h
  - De 13:45h a 14:15h
  - De tarde, entre as 16:00h e as 17:30 horas.
- Proclamación de candidatos/as electos/as: mércores 20 de novembro

Dada a importancia das competencias do Consello Escolar como órgano colexiado de control e goberno do Centro (elección de director/a, aprobación do Proxecto Educativo, aprobación das normas de organización, funcionamento e convivencia, da Programación xeral anual, dos orzamentos e contas anuais do centro, valoración do funcionamento do centro,...), non quixera rematar sen convidalos/as a que presenten a súa candidatura ou que participen nesta renovación a través do seu voto por algunha das candidaturas presentadas.

En Vigo, a 23 de outubro de 2024

O Presidente da Xunta Electoral